CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Jesús Manuel Pena Varela, segundo Tenente do Alcalde do Concello da Baña, por delegación do alcalde (Decreto nº 506/2026, de 8 de xullo de 2026), na data da sinatura dixital, en presenza da Secretaria deste Concello, emito o seguinte Decreto:

ASUNTO: RESOLUCIÓN LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA O CAMPAMENTO DE VERÁN CON PERNOCTA DO CONCELLO DA BAÑA NAS INSTALACIÓNS DO CAMPAMENTO XUVENIL PONTEMARIL (FORCAREI), 2026.

Expte. TEDEC: 2026/S012/000005
Expte. TEDEC: 2026/G003/000591 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción da cultura.

Visto que o campamento de verán con pernocta é un servizo que ten a función de ofrecerlles aos/ás participantes un espazo onde gozar de actividades de carácter lúdico, social e educativo, ao tempo que facilita a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Visto o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarias unha pluralidade indeterminada de persoas, recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vistas as bases que rexen a convocatoria de prazas e o funcionamento do Campamento de Verán con Pernocta do Concello da Baña 2026.

Visto que nas citadas bases se establece unha oferta inicial de dezasete (17) prazas.

Vista a Resolución da Alcaldía pola que se aprobou a listaxe provisional de persoas admitidas, en lista de agarda e excluídas, concedéndose un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou emenda da documentación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Jesús Manuel Pena Varela (FECHA: 24/07/2026 12:48:00) , Paula Martis Torres (FECHA: 24/07/2026 12:50:00)
Decreto Nº: 552/2026 - Fecha de decreto: 24/07/2026
Versión imprimible
CVD: aXz2P8Ae2gBVkytisB63 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodabana.gal/

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que, unha vez transcorrido o prazo de dous días hábiles concedido para a presentación de reclamacións e/ou emenda da documentación, as persoas inicialmente excluídas achegaron a documentación requirida nas bases da convocatoria, comprobándose o cumprimento dos requisitos exixidos para a súa admisión.

Visto que, con posterioridade á aprobación da listaxe provisional, a entidade xestora do Campamento Xuvenil Pontemaril comunicou a dispoñibilidade de tres (3) prazas adicionais, polo que o número total de prazas dispoñibles pasa de dezasete (17) a vinte (20).

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

Resolvo

Primeiro. Aprobar e publicar a listaxe definitiva de admitidos/as, unha vez feitas as valoracións, segundo o establecido na prioridade 1 das bases que sinala que “Condicións e grados de prioridade para valorar as solicitudes: Prioridade 1: Os/As nenos e nenas para os/as que se solicita o programa deberán pertencer a unha unidade familiar empadroada na súa totalidade no Concello da Baña, con carácter previo á publicación da convocatoria, e no seu defecto o pai, nai ou titor/a legal e o/a menor para o/a que se solicita a praza”:

	NOME E APELIDOS	DNI
1	I.V.P.	***7223**
2	P.M.P.	***5545**
3	F.A.L.	***6610**
4	L.A.L.	***5462**
5	E.C.B.	***5332**
6	S.D.R.	***7090**
7	M.S.P.	***0051**
8	A.S.P.	***5406**
9	N.B.E.	***4216**
10	H.E.C.	***3792**
11	I.V.A.	***5379**
12	A.V.A.	***3149**
13	S.G.B.	***0215**
14	D.G.B.	***7407**
15	L.P.E.	***2958**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Jesús Manuel Pena Varela (FECHA: 24/07/2026 12:48:00) , Paula Martis Torres (FECHA: 24/07/2026 12:50:00)
Decreto Nº: 552/2026 - Fecha de decreto: 24/07/2026
Versión imprimible
CVD: aXz2P8Ae2gBVkytisB63 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodabana.gal/

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

16	P.P.E.	***2958**
17	S.V.C.	-
18	Y.I.E.	***4125**
19	L.G.E.H.	***2385**
20	J.A.N.M.	***5796**

SEGUNDO. Aprobar a listaxe definitiva de agarda, integrada polas persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, non obtiveron praza por insuficiencia das dispoñibles, segundo a orde de prioridade establecida nas bases.

	NOME E APELIDOS	**DNI**
1	L.C.R.	***7219**
2	A.M.F.	***7205**
3	N.M.S.	***2917**
4	S.L.E	***6816**
5	M.K.I.	***4064**

TERCEIRO. Publicar a presente resolución na sede electrónica e na páxina web do Concello da Baña para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como aos terceiros interesados.

Mándao e asínao o segundo Tenente do Alcalde, Jesús Manuel Pena Varela, por delegación do alcalde (Decreto nº 506/2026, de 8 de xullo de 2026), e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente, do que eu, Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Jesús Manuel Pena Varela (FECHA: 24/07/2026 12:48:00) , Paula Martis Torres (FECHA: 24/07/2026 12:50:00)
Decreto Nº: 552/2026 - Fecha de decreto: 24/07/2026
Versión imprimible
CVD: aXz2P8Ae2gBVkytisB63 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodabana.gal/